

BAIXANDO POLAS PISTAS DE ROMPECULOS, LA TUCA, TOBAZO... Do 10 ao 16 de Xaneiro un grupiño de 38 alumn@s fixeron un curso de esquí-snow en Candanchú. As condicións climatolóxicas e o estado da neve foron inmejorables o 1º día de Benvida e o último de Despedida. Polo medio da semana tivemos días de condicións variables, un día duro, e o Xoves que tal foi a nevada que Tráfico non deixou subir a estación.

Levamos a moitos rapaces que era a primeira vez que esquiaban, e outros que xa están en Bacharelato e foi a súa última vez co instituto. En ambas situacións de “Benvida ou Despedida” as expectativas de pasalo ben esquiando foron máis que cumpridas. O grado de satisfacción de pequenos e maiores, e o entendemento que houbo entre todos foi moi gratificante.

Cada día sabíamos o que se esperaba de cada un de nós a nivel deportivo, e ninguén defraudou. Houbo que poñer moito esforzo, ganas de superación, cooperación ou traballo feito en equipo; axudándonos sempre entre tod@s. Deste xeito compartimos momentos moi bonitos onde tod@s, sen excepción, soubemos estar a altura das circunstancias. Cada un aprendeu ou mellorou o seu nivel de esquí ou snow, da cordo coas súas capacidades e limitacións. **Sabemos o que é sentir inseguridade esquiando e levar o peso do corpo para atrás, que non fagamos unha cuña eficaz e descontrolar...Pero tamén sabemos superarnos e intentalo de novo ata conseguilo!!**

Fomos quen de gozar esquiando, e gozar sentindo a beleza do paisaxe recen estreado, nevado cun azul ceo que parecía un decorado de película. Tamén gozamos da compañía dos amig@s facendo un obradoiro de inglés, aprendendo a achegarnos a unha obra de arte e escoitar o que din os cadros, as pedras da Catedral... paseando polas rúas de Jaca e admirando e comentando o que víamos nos edificios emblemáticos, na Ciudadela rodeada de cervos... gozamos moito bailando... As profesoras valoramos moito o que alí vivimos, foi unha auténtica gozada ou privilexio levar a un grupo tan san, competente, unido e concienciado en facilitar a boa convivencia entre tod@s.





**Queremos darvos as grazas,
especialmente a Nina
quen nolo fixo pasar moi ben**



Coa súa xenerosidade animounos e axudounos a que faláramos en inglés sen prexuizos. Agora temos que “Sacar a Nina que tod@s levamos dentro” sen a túa presenza física, vai ser difícil...ja,ja









